

XENTE DE AQUI

Concelleiro de Educación

David Santomil: “a universalidade no servizo de comedor é insostible, por iso é necesario aplicar unha baremación e que garanta o acceso a quen o necesite”

A información pública da aprobación inicial do proxecto de expropiación das parcelas necesarias para poder construír un novo CEIP no Milladoiro, que remata o 10 de setembro, foi un dos motivos para falar con vostede, en calidade de concelleiro de Educación. Cree que con este centro xa se ten rematado a demanda para Ames nun tempo?

Verá, o Concello de Ames, pola súa poboación e expansión demográfica o que nos leva é a estar solicitando continuamente apoio para a mellora de infraestruturas educativas. A Xunta está a ser receptiva, pero co paso dos anos xurden novas e máis necesidades.

Nestes tres anos de mandato se está a actuar en todos os centros de ensino. En Barouta cambiando as cubertas do cetro de ensino e do pavillón. No instituto ampliáronse en dúas fases o patio interior e agora unha nova sala de usos múltiples exterior. Acometemos tamén a primeira fase das obras en Agro do Muiño. En Ventín cubrimos o lateral de patio exterior tamén e estamos tamén na propia escola infantil.

A gran reclamación que facemos agora é a necesaria dotación económica para a construción dun novo colexio no Milladoiro, e me consta que a están a atender (na Xunta). Hai compromiso político e diñeiro para facelo. O concello aportou 200.000 euros para expropiación de terreos no Milladoiro e para adquirir unha parcela anexa ao instituto de Bertamiráns. En definitiva contamos con 35.000 m² de reserva de solo para equipamentos públicos educativos. Son tres campos de fútbol, polo que cando menos a min ábreme un horizonte a medio e longo prazo tranquilizador respecto a problemas de espazo. Problemas de terreo cos que nos atopamos ao chegar ao Go-

berno. ao querer desenvolver o Plan Especial para a construción do CEIP do Milladoiro.

¿Que pasou?

Tivemos que iniciar unha serie de conversas e negociacións e contactar cos propietarios das parcelas de ese Plan Especial, que fóra aprobado no 2013. Do 2013 ao 2016 o Goberno anterior tivo paralizado este asunto e tivemos que retomar os contactos con varias xuntanzas para explicar a situación a nivel urbanístico e de planeamento dese sector. Faltaba por resolver a titularidade dos terreos para cederllo á Xunta e poder construír o centro escolar.

Aquí é onde entran as discrepancias coa Oposición sobre as permutas e as expropiacións...

Había de 2013 enriba da mesa unha proposta de permutas de solo rústico por solo urbanos que nin os propios propietarios o aceptaron, aparte de que a día de hoxe, coa nova Lei do Solo, non é posible unha permuta de este tipo, falamos de cambio de solo rústico por solo urbano. Tamén sería difícil aportar criterios obxectivos para xustificar esas permutas e podería dar lugar a ciúmes entre propietarios.

O criterio ao que consideramos máis obxectivo é a expropiación. por taxación conxunta. E niso estamos, nunha fase inicial.

Podemos falar de datas?

O obxectivo é ter rematado coas expropiacións a finais de 2018 e así coa titularidade dos terreos e a principios de 2019 poñelos a disposición da Xunta. Por primeira vez hai compromiso político e orzamento das dúas administracións para poder facelo. Por tanto non entendemos que

a oposición queira poñer obstáculos a estas cuestións cando mesmo os propietarios se amosan receptivos ao ver que hai unha solución final para un terreo co que non podían facer nada.

O Concello de Ames presume de ser referencia en materia de xestión municipal educativa: comedores escolares, conciliación, etc. Cando eran oposición criticaban aos populares ter baixado á garda. Este ano houbo que sortear unha crise coas ANPAS polos criterios de acceso aos comedores... Pode facer balance de onde se atopa agora o nivel de servizos? Somos aínda referencia?

Eu creo que si. Pense que o investimento destinado nos Orzamentos municipais ao ámbito educativo chega ao 20%, chegando a cuadruplicar o de outros concellos. O Concello de Ames ven apostando historicamente por esta área e que tamén é dalgunha maneira unha atracción, no que se refire á conciliación laboral e familiar. Non só as infraestruturas ou os comedores, programas lúdicos, escola de verán... e outros moitos servizos que permiten esa conciliación das familias. É un atractivo importante a nivel demográfico que se suma ao prezo do solo, á centralidade de Ames e a accesibilidade á autoestrada... Isto require que cada vez teñan que incrementarse eses servizos, pero as restricións que se impuxeron desde o Estado nos últimos anos impiden aos concellos dotarse de persoal e facer investimentos.

Tanto?

Aos concellos que perden poboación igual non lles afectou o mesmo que ao concello de Ames, que seguimos medrando. Para nós resulta tremendamente complicado poder incrementar os servizos, equi-

pamentos e dotacións cando temos esas limitacións. Lembre que estamos fiscalizados por Intervención municipal e non permite realizar investimentos en persoal e servizos.

Aínda así nestes tres anos fixemos moitos investimentos en equipamentos coa colaboración da Xunta de Galicia ou da Deputación da Coruña. Ademais sentamos as bases de como queremos que sexa o ámbito educativo de Ames a cinco ou dez anos.

Existe unha planificación a longo prazo?

Encargamos un Plan Económico - Financeiro sobre a xestión dos comedores escolares que é un problema que ven de atrás e ao que lle temos que buscar solución. Necesita máis orzamento e persoal, un estudo de perfís das familias que precisan este servizo para dar acollida, se non a todas, á maior parte das persoas que o soliciten. E logo os programas de conciliación e as escolas infantís municipais, dotadas de novas ferramentas que nos permitan facer os traballos propios de mantemento de infraestruturas e de creación de novas prazas educativas.

Volviendo ós comedores. Vai ser imposible a plena atención da demanda, o que obriga a establecer un criterio de selección. Cal é o máis xusto?

Cando se creou a Rede Municipal de Comedores Escolares, xa fai máis de 12 anos, eran 315 os usuarios que había. Agora estamos a falar de 1250. Iso conleva unha dotación orzamentaria increíble. O 33% do orzamento de Educación está destinado só a comedores. Ante a imposibilidade de medrar o Orzamento Municipal no seu conxunto... de onde sacamos para destinalo a co-